

BASES DA CONVOCATORIA

VII PROGRAMA DE EMPRENDEMENTO AGROALIMENTARIO



Fundación
Juana de Vega

ÍNDICE

1. Obxectivo xeral	3
2. Destinatarios	3
3. Criterios de selección	3
4. Estrutura do programa	4
5. Condicións xerais	6
6. Forma e prazo de inscrición de proxectos	7

O PROGRAMA DE EMPENDEMENTO AGROALIMENTARIO DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA é un programa de apoio ao deseño, desenvolvemento e implantación de iniciativas e proxectos empresariais innovadores nos sectores agroalimentario, forestal, pesqueiro e marisqueiro, así como, proxectos de base tecnolóxica e servizos relacionados cos anteriores, que contribúan ao desenvolvemento do medio rural en Galicia.

1. OBXECTIVO XERAL

Axudar aos emprendedores a desenvolver as súas ideas empresariais, convertelas en proxectos de negocio e materializalas en empresas reais, innovadoras e competitivas.

2. DESTINATARIOS

Poderán participar no Programa de Emprendemento aquelas persoas que queiran poñer en marcha unha iniciativa empresarial nos eidos agroalimentario, forestal, marisqueiro e pesqueiro ou de servizos relacionada cos anteriores, que se desenvolva no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Empresas de nova creación ou en fase de lanzamento.
- Sucesión e recuperación de empresas e explotacións familiares.
- Proxectos de posta en valor de activos rurais improdutivos.
- Empresas que desexen poñer no mercado novos produtos ou servizos innovadores.

Os candidatos deberán ser maiores de idade, residentes en Galicia, con bo nivel de manexo do paquete Microsoft Office, motores de procura en internet, certo coñecemento do sector e sobre todo, cunha alta implicación no seu proxecto.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

No programa poderán participar todo tipo de proxectos, no entanto, terán prioridade aqueles proxectos que procuren ofrecer produtos diferenciados baseándose na calidade e na innovación, que teñan unha clara orientación ao mercado e que poñan en valor os recursos do territorio.

4. ESTRUCTURA DO PROGRAMA

O programa consta de tres fases:

Fase I: Obradoiro de Ideas e selección de proxectos.

Contido: Nesta fase, un máximo de 32 emprendedores seleccionados de entre todos os inscritos na páxina web do programa, participarán nun obradoiro de ideas empresariais de dez horas de duración. Este obradoiro terá carácter selectivo.

Obxectivos: No transcurso do obradoiro os emprendedores, asistidos por consultores especializados, reflexionarán sobre os elementos clave da súa idea empresarial e desenvolverán a estrutura do seu modelo de negocio: *actividades clave, segmentos de clientes, canles comerciais e estrutura financeira*.

Duración e datas: Os obradoiros de ideas desenvolveranse en catro grupos de oito participantes cada un, repartidos durante o mes de xaneiro de 2019.

Entrevista persoal: Para completar o proceso de selección, ao finalizar os talleres, todos ou algúns dos emprendedores participantes, manterán unha entrevista persoal de selección definitiva.

Obrigas: Os promotores seleccionados para esta fase deberán asistir aos obradoiros e aceptar e asinar as presentes bases.

Fase II: Desenvolvemento do Proxecto.

De entre as persoas participantes na Fase I, seleccionaranse para participar na segunda fase do programa, a un máximo de dez ideas ou proxectos, máis tres de reserva, de acordo cos seguintes criterios de selección:

- Actitude e aptitudes do promotor.
- Viabilidade económica e tipo de proxecto.
- Grado de innovación, calidade, diferenciación e orientación ao mercado.

Contido: Nesta fase do programa prestarase asesoramento aos 10 proxectos seleccionados para o desenvolvemento operativo dos mesmos e constará de sesións docentes, titorías individuais e a presentación pública do proxecto.

Obxectivos: Axudar ao emprendedor a perfilar a súa idea de negocio, definir o seu perfil estratéxico e competitivo, determinar as canles de comercialización axeitadas, as necesidades financeiras; en definitiva, elaborar un plan de empresa rigoroso que permita implantar a empresa no mercado coas maiores garantías de éxito posibles.

Para iso, esta fase estruturase do seguinte modo:

- Sesións docentes (57 horas en 8 sesións).- Desenvolveranse varios luns de 9:30 a 14:30 horas e de 16 a 19 horas. O seu obxectivo é familiarizar aos emprendedores nos conceptos básicos de xestión de empresas necesarios para comprender, desenvolver e implantar con éxito os seus proxectos.
- Tutorías individuais (13 horas por proxecto).- Terán unha duración dunha hora por proxecto e desenvolveranse os xoves e os venres pola mañá. O seu obxectivo é reforzar o traballo individual de cada emprendedor para a redacción do seu plan de empresa. Estas tutorías podranse levar a cabo de xeito presencial ou por videoconferencia.
- Avaliación final de proxectos.- O seu obxectivo é revisar e analizar o traballo realizado polos emprendedores e de modo especial, informarlle das condicións de viabilidade do seu proxecto.
- Presentación pública de proxectos (unha hora por proxecto): trátase dunha xornada na que os emprendedores presentarán e defenderán en público os seus proxectos ante posibles investidores, clientes, entidades financeiras e outros organismos públicos de promoción e apoio económico. Antes da sesión pública realizarase unha presentación de ensaio.

As áreas de traballo desta fase son as seguintes:

- Definición de misión, visión e valores. 8 horas docentes e 1 hora de tutoría individual por proxecto.
- Análise da contorna e mercados. 4 horas docentes e 3 horas de tutoría individual por proxecto.
- Análise de competencias e posicionamento estratéxico. 8 horas docentes e 2 horas de tutoría individual por proxecto.
- Marketing estratéxico e operativo: 16 horas docentes e 3 horas de tutoría individual por proxecto.

- Estudo económico - financeiro: 16 horas docentes e 3 horas de titoría individual por proxecto.
- Preparación das presentacións. 4 horas docentes e 2 horas de titoría individual por proxecto.

Duración e datas: As sesións docentes, as titorías e a presentación, desenvolveranse entre os meses de febreiro e xuño de 2019.

Fase III: Posta en Marcha do Proxecto

Contido: Esta fase consta de titorías individuais de consultoría e apoio á posta en marcha do proxecto empresarial. Esta asistencia técnica prestarase de acordo coas necesidades e circunstancias particulares de cada emprendedor, recollidas no seu plan de implantación.

Obxectivos: O obxectivo desta fase é o apoio e seguimento do emprendedor na implantación e saída ao mercado. Para iso prestarase asistencia xurídica e apoio na tramitación de subvencións e axudas, na captación de recursos financeiros (mentoring, bussines angels, capital risco, capital semente, préstamos) e en calquera outro tipo de necesidade que poida ter o emprendedor.

Duración e datas: As titorías prestaranse, de acordo co plan establecido, ao longo dos meses de setembro, outubro e novembro de 2019.

5. CONDICIÓN XERAIS

- I. O lugar de celebración de todas as fases do programa será a sede da Fundación Juana de Vega. (Rúa Salvador Allende, 92, 15176, San Pedro de Nós, Oleiros, A Coruña)
- II. Os participantes deberán comprometerse a asistir ás sesións e titorías, nas datas, horas e lugares establecidas no programa, e seguir as indicacións e as tarefas que lle encomenden os titores e o persoal responsable do programa por parte da Fundación Juana de Vega.
- III. Os participantes nas fases II e III do programa autorizan expresamente á Fundación Juana de Vega a publicar na web promocional do Programa de Emprendemento Agroalimentario, un breve resumo do proxecto presentado así como os datos de contacto, e no seu caso, un enlace á páxina web que poidan desenvolver da súa empresa. Esta información tamén poderá ser difundida en cursos, seminarios ou outros eventos divulgativos das actividades da Fundación.

- IV. A Fundación Juana de Vega resérvase o dereito de prescindir daqueles participantes que non cumpran as condicións establecidas nas presentes bases e/ou que a xuízo dos titores responsables, non mostren o interese, a dilixencia e dedicación necesarios para o aproveitamento do programa.
- V. A Fundación Juana de Vega resérvase o dereito de modificar os calendarios e horarios establecidos nestas bases polas necesidades operativas do programa e/ou por calquera outra causa.
- VI. A Fundación Juana de Vega entregará a cada participante unha guía na que se lle informará do calendario de actividades das distintas fases e demais detalles de interese.
- VII. En ningún caso a Fundación Juana de Vega se responsabilizará do resultado ou bo fin económico dos proxectos e/ou empresas resultantes do programa.
- VIII. A participación nas fases II e III do Programa de Emprendemento Agroalimentario ten un custo de 100 € por proxecto en concepto de compromiso de participación no programa. Dita cota deberá ser abonada polos emprendedores que resulten elixidos para participar na segunda e a terceira fase do programa. A primeira fase do programa é gratuíta para os participantes.
- IX. Os participantes no programa deberán ler, aceptar e asinar o presente documento, así como, abonar a cota establecida como requisito previo á súa participación no mesmo.
- X. As presentes bases serán de aplicación unicamente ao VII Programa de Emprendemento Agroalimentario da Fundación Juana de Vega. En ningún caso serán de aplicación a outras edicións deste programa ou a outros análogos que poida levar a cabo a Fundación Juana de Vega.
- XI. En ningún caso a Fundación Juana de Vega prestará axuda económica ou financeira aos proxectos participantes no Programa de Emprendemento Agroalimentario.

6. FORMA E PRAZO DE INSCRICIÓN DE PROXECTOS

Os emprendedores interesados en participar no programa poderán inscribirse completando o formulario dispoñible na seguinte dirección web:

<http://programa.juanadevega.org/>

O prazo de inscrición está aberto ata o 23 de novembro de 2018.